

O traballo rigoroso, serio e constante da CGENDL a prol da lingua é molesto para aqueles que só buscan a súa eliminación da sociedade

A consolidación desta rede colaborativa de equipos de normalización e docentes que traballan pola normalización do galego dende o ensino xa é unha realidade na II Asemblea Xeral da CGENDL.

A optimización de esforzos e recursos e o intercambio de experiencias educativas, xunto con novas campañas de sensibilización e dinamización da lingua galega, centrarán o traballo no curso 2010-2011.

Os ataques á CGENDL demostran que o traballo rigoroso, serio e constante pola normalización da nosa lingua é motivo de preocupación para aqueles que só perseguen a súa eliminación da sociedade.

No día de onte, sábado 13 de novembro, a Coordinadora Galega de ENDL celebrou a súa II Asemblea Xeral no IES As Fontiñas de Santiago de Compostela. No encontro, no que estiveron presentes representantes de equipos de dinamización da lingua galega de centros de ensino públicos e concertados de toda Galicia, aprobouse o Informe Anual presentado polo Consello Directivo así como o Plan de Traballo para o curso 2010-2011.

A II Asemblea Xeral da CGENDL acordou impulsar a conciencia creativa a prol do galego dende a comunidade educativa a través de campañas de sensibilización e dinamización da lingua galega como “O galego é o noso medio natural”, xa presentada en colaboración coa Área de Normalización da Universidade de Vigo, e outras novas que nos próximos meses terán como fin impulsar o uso do galego no ensino e na sociedade en xeral, buscando que avance e non que retroceda, e implementando medidas para profundicen na Lei de Normalización Lingüística, agora cuestionada pola política lingüística do goberno galego.

Nesta II Asemblea a Coordinadora reafírmase na vontade de non ter preguiza nin medo á hora de traballar pola normalización da lingua galega, tal como anunciara na I Asemblea de hai un ano, se cabe neste curso con máis ilusión e esforzo debido ás inxurias feitas por aqueles que queren acabar co galego. Neste sentido, considerouse de forma unánime que estes ataques impropios dunha democracia débense ao traballo rigoroso, serio e constante realizado durante o curso pasado pola CGENDL.

Así mesmo, acolleuse con entusiasmo o Premio Altofalante 2010 que a Asociación Cultural Altofalante de Ribeira concedeu nos días pasados á CGENDL. Este premio foi recibido polo asistentes como unha mostra de apoio e recoñecemento a este traballo feito pola normalización da lingua galega nos centros de ensino e na sociedade desde o voluntarismo, a pluralidade e o sentido común.